

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE LA FUNDACIÓ PRIVADA BANC
SABADELL Y LA FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA CON
MOTIVO DEL PROYECTO EXPOSITIVO “DA ÁRBORE Á CADEIRA”**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xerente da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, **DECLARA:**

Que esta Fundación Cidade da Cultura de Galicia ten previsto formalizar con **FUNDACIÓ PRIVADA BANC SABADELL** o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue ata data de clausura da exposición, fixada para o 5 de novembro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Regular os termos e condicións da colaboración da Fundación BS para a exposición Da Árbore á Cadeira que organiza a Fundación Cidade da Cultura e que permanecerá aberta, día 7 de abril ao 5 de novembro de 2017, comprometéndose a Fundación Cidade da Cultura á difusión da colaboración nos termos do presente Convenio.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A Fundación Cidade da Cultura de Galicia foi constituída o día 27 de decembro de 1999, como FUNDACIÓN, de interese galego, sen ánimo de lucro, cun patrimonio afecto de maneira duradeira á realización dos fins de interese xeral propios da Institución, e está inscrita no rexistro de FUNDACIÓNS co número 73.



A Fundación Cidade da Cultura de Galicia forma parte do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia. Na actualidade está adscrita á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que exerce o seu protectorado e cuxo conselleiro ostenta a presidencia do Padroado, órgano reitor máximo da Fundación.

O obxecto da Fundación Cidade da Cultura de Galicia segundo os seus estatutos, céntrase na creación, explotación e promoción de áreas ou centros de conservación, produción, exhibición e consumo cultural, comunicativo e tecnolóxico que constitúa un espazo multifuncional, multidisciplinar e aglutinador propicio a interacción cultural.

En cumprimento do seu obxecto a Fundación Cidade de Cultura dentro do seu programa de exposicións, inclúe a organización, desenvolvemento e apoio de eventos culturais de interese para a difusión de Cidade da Cultura de Galicia, entre os que se atopa a exposición sobre mobiliario galego DÁ ÁRBORE Á CADEIRA que permanecerá aberta ao público do 7 de abril ao 5 de novembro de 2017 no Museo Centro Gaiás . O proxecto expositivo sobre o mobiliario contemporáneo galego e a relación co bosque autóctono e a madeira, a través da industria da transformación, contará coa exhibición dunhas 50 pezas de mobiliario, con predominio de cadeiras, xunto a planimetrías, fotografías e outros materiais expositivos, realizadas por destacados arquitectos e deseñadores galegos que introducen a modernidade en Galicia a mediados do século XX (Alejandro da Sota, José Bar Boo, Isaac Díaz Pardo...); xunto a estes pioneiros mostraranse pezas de sucesivas xeracións de arquitectos e deseñadores posterior, que renovando e asumindo as novas tendencias, proporcionan un mobiliario propio, concibido e deseñado en Galicia, tanto adaptado a espazos concretos, domésticos e públicos, como outros flexibles e utilizables en calquera ambiente.



Ao mesmo tempo o bosque galego vai ter unha destacada presenza na mostra a través de recursos audiovisuais, fotográficos, informáticos, etc. e establécese un complemento ao discurso a través dunha mirada artística que se concretará na selección de obras realizadas por artistas galegos ou que traballen en Galicia con visións do bosque e a árbore en sintonía co discurso expositivo. As alianzas cos sectores produtivos galegos da madeira, e coas institucións públicas que teñen competencia sobre o bosque e os procesos de transformación madeireira, formarán parte do discurso e do proxecto expositivo.

Pola súa banda, a Fundación Banco Sabadell constituíuse como fundación privada no ano 1994 co propósito de estimular a excelencia e difundir o saber e a cultura. O obxectivo da Fundación é promover actividades de divulgación, formación e investigación nos ámbitos educativo, científico e cultural, así como fomentar e apoiar o talento novo. Fundación BS, no seu ánimo de fomentar e difundir actividades de carácter cultural, está interesada en colaborar coa Fundación Cidade da Cultura coa exposición Da Árbore á Cadeira.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.



O presente acordo ten a natureza prevista no artigo 25 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de Réxime Fiscal das Entidades sen Fins Lucrativos e dos Incentivos Fiscais ao Mecenado.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

Ana Isabel Vázquez Reboredo

Directora Xerente

Fundación Cidade da Cultura de Galicia

(asinado dixitalmente)

